



Concello de Rábade

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE PRIMEIRA, ADSCRITO Á OFICINA DE SERVIZOS XERAIS, ADSCRITO AO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO. PLAN ÚNICO COS CONCELLOS 2020

(FASE DE OPOSICIÓN-PROBA TIPO TEST)

Con data 9 de novembro de 2020, reúnease as 11:00 horas no Centro Sociocultural do Concello de Rábade, de conformidade coa composición determinada mediante Decreto de Alcaldía de 29 de novembro de 2020, os membros do tribunal de selección que se relacionan a continuación, co gallo da realización da primeira proba da fase de oposición (tipo test):

Presidenta: Dª. Ángeles Corral Debasa, traballadora social do Concello de Rábade.

Vogais:

Dª. Silvia Vázquez Orejas, animadora sociocultural do Concello de Rábade.

Secretario: O Secretario-interventor da Corporación, D. Jose Angel Balseiro Amido.

Así mesmo comparecen os aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME
BELLAS MOURIÑO MARÍA SOLEDAD
BELLAS ROMEU MARÍA CARMEN
CARBALLIDO ALONSO ISABEL
GARCÍA MARÍA JOSÉ
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ VANESA
LÓPEZ COMBA GRACIELA
NOVO VEIGA MARÍA TERESA
PARRA DÍAZ CELIA
PILLADO ROZAS PAULA
RODRÍGUEZ CABANAS MIGUEL
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ BEGOÑA
SOBRIDO GARCÍA ELOY
SOMOZA GONZÁLEZ ISABEL
SUÁREZ LÓPEZ JORGE
VÁZQUEZ SEOANE EVA

A continuación o tribunal de selección acorda, de acordo co previsto na base séptima, a realización por parte dos aspirantes dunha proba teórica tipo test consistente nun cuestionario de 25 preguntas nun tempo máximo dunha hora, relacionado co programa recollido no anexo II das bases. Puntuarase o mesmo ata un máximo de 5,00 puntos, sendo imprescindible como mínimo obter unha puntuación de 2,5 puntos.

Finalizada a realización da proba teórica tipo test, o tribunal de selección con arreglo á plantilla de corrección feita pública, e por unanimidade dos seus membros presentes acordou outorgar a seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	PUNTOS	APTO/NON APTO
BELLAS MOURIÑO MARÍA SOLEDAD	0,50	NON APTA
BELLAS ROMEU MARÍA CARMEN	0,80	NON APTA
CARBALLIDO ALONSO ISABEL	2,30	NON APTA
GARCÍA GARCÍA MARÍA JOSÉ	2,00	NON APTA

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411

JOSE ANGEL BALSEIRO AMIDO (1 para 2)

Secretario-interventor
Data de Sinatura: 10/11/2020
HASH: cb5946aa51b735e1285e1df74acf211

Ángeles Corral Debasa (2 para 2)

Traballadora Social
Data de Sinatura: 10/11/2020
HASH: e74b230f7d62344bba6dd81d9750e7b





Concello de Rábade

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ VANESA	0,50	NON APTA
LÓPEZ COMBA GRACIELA	1,70	NON APTA
NOVO VEIGA MARÍA TERESA	1,70	NON APTA
PARRA DÍAZ CELIA	3,50	APTA
PILLADO ROZAS PAULA	0,00	NON APTA
RODRÍGUEZ CABANAS MIGUEL	1,10	NON APTO
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ BEGOÑA	2,60	APTA
SOBRIDO GARCÍA ELOY	2,00	NON APTO
SOMOZA GONZÁLEZ ISABEL	4,10	APTA
SUÁREZ LÓPEZ JORGE	0,80	NON APTO
VÁZQUEZ SEOANE EVA	3,50	APTA
BELLAS MOURIÑO MARÍA SOLEDAD	0,50	NON APTA
BELLAS ROMEU MARÍA CARMEN	0,80	NON APTA
CARBALLIDO ALONSO ISABEL	2,30	NON APTA

Polo tanto á vista dos resultados anteditos, os membros do Tribunal resolven aprobar as calificacións anteditas así como fixar o venres 13 de novembro de 2020, ás 11:00 h no Colexio Fernández de Rábade (rúa Alcalde Ángel Penas, 9), como data e lugar para a realización do segundo exercizo da fase de oposición (proba práctica) para todos aqueles aspirantes que acadaran a calificación de APTO/A na presente proba, ordenando a tal efecto a publicación de anuncio no tablón de edictos do Concello.

E para que conste aos efectos oportunos levántase a presente acta en Rábade, a 9 de novembro de 2020.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

Asdo.: Ángeles Corral Debasa.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

Asdo.: Jose Angel Balseiro Amido.



Cod. Validación: AXWE82PLWQYNNSFRTPMSWSG2K | Corrección: https://rabade.sedelectronica.gal/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411

FASE DE OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN ADMINISTRATIVO DE PRIMEIRA CON CARGO AO "PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020", SUBVENCIONADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

- Conteste marcando de forma clara CON UNHA **X** unha das catro posibles respostas ás seguintes 25 cuestiós, en folla aparte do presente cuestionario.
- Conteste TODAS as cuestiós formuladas, a resposta en branco considerarase incorrecta.
- Cada pregunta correcta puntuará 0,20 puntos e cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos.
- Para superar esta proba deberá obter unha puntuación mínima de 2,5 puntos.
- Conteste as preguntas reserva marcando de forma clara CON UNHA **X** unha das catro posibles respostas a cada pregunta. So serán corrixidas para o caso en que se anulen algunha das 25 inicialmente propostas.
- Unha vez cuberta, asine a folla de contestación no espazo ao marxe.

EXAME TIPO TEST

1. A denominada lei reguladora das bases do réxime local é a:

- a) **Lei 7/85, do 2 de abril**
- b) Lei 30/92, do 26 de novembro
- c) Lei 7/85, do 21 de abril
- d) Lei 7/85, do 26 de novembro

2. Segundo a Constitución Española de 1978, o governo e administración dos municipios corresponde a:

- a) O pleno dos concellos
- b) **Os Concellos, integrados polos alcaldes e os concelleiros**
- c) O pleno, a xunta de governo local e o alcalde.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

3. Son elementos do municipio, segundo o art. 11 da Lei de Bases do Régime Local

- a) **O territorio, a poboación e a organización**
- b) O termo municipal, a poboación e a organización
- c) O territorio, os bens de dominio público e a organización
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

4.- Respecto do padrón municipal é correcta a seguinte resposta:

- a) Está constituído polos habitantes de feito e de derecho.
- b) Actualmente todos os habitantes han de ser de derecho.
- c) **O conxunto de persoas rexistradas no padrón municipal constitúe a poboación do municipio.**
- d) O conxunto de persoas rexistradas no padrón municipal e transeúntes constitúe a poboación do municipio.



A large blue ink signature is written across the bottom right corner of the page, appearing to read "Ourense".

5. Cando un regulamento é contrario a unha lei, dise que é:

- a) **Nulo de pleno dereito.**
- b) Anulable.
- c) Convalidable.
- d) Emendable.

6. Se unha solicitude de iniciación, non reúne os requisitos establecidos pola Lei:

- a) Requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta, considerándoo, en caso contrario, como desistido do procedemento, sen máis trámite.
- b) **Requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta, considerándoo, en caso contrario, como desistido do procedemento, previa resolución neste sentido.**
- c) A Administración non ten a obrigación de requirir, xa que o procedemento non se iniciou.
- d) A Administración poderá requerir ao interesado se así o establece a normativa reguladora do procedemento en particular.

7. Cando a un interesado se lle considera decaído no seu dereito ao trámite, significa que:

- a) O interesado non levou a cabo unha actuación nun momento do trámite administrativo e o procedemento finaliza nese momento por imposibilidade de continuar co mesmo.
- b) O interesado levou a cabo unha actuación nula de pleno dereito nun momento do trámite administrativo e impíadeselle continuar no mesmo.
- c) **O interesado non levou a cabo ningunha actuación tendente a cumplimentar un trámite e unha vez finalizado este, non poderá levar a cabo ningunha actuación que pertenza a ese momento do procedemento.**
- d) Que a Administración, previa resolución, considera que o interesado non ten dereito a ese trámite do procedemento.

8. Entendemos por informes preceptivos e non vinculantes:

- a) Aqueles que son obligatorios emitilos como parte do procedemento, pero o contido dos mesmos só obriga á Administración se favorecen ao interesado.
- b) **Aqueles que son obligatorios emitilos como parte do procedemento, pero o contido dos mesmos non obriga á Administración á hora de resolver.**
- c) Aqueles que non son obligatorios emitilos como parte do procedemento, e o contido dos mesmos só obriga á Administración se favorecen ao interesado.
- d) Aqueles que non son obligatorios emitilos como parte do procedemento, e o contido dos mesmos non obriga á Administración.

9. O Pleno constitúese validamente coa asistencia:

- a) Da metade do número legal, que nunca poderá ser inferior a 5, debéndose manter este quórum durante toda a sesión.
- b) Dun terzo do número legal que nunca podrá ser inferior a 3.
- c) **Dun terzo do número legal, que nunca podrá ser inferior a 3, debéndose manter este quórum durante toda a sesión.**
- d) Dun terzo do numero legal, que nunca poderá ser inferior a 5, aínda que non será obligatorio que se manteña este quórum durante toda a sesión.

10. Os membros dun órgano colexiado quedarán exentos de responsabilidade:

- a) Sempre cando votasen en contra ou se absteñan.
- b) **Cando votasen en contra.**
- c) Cando se abstiveron.
- d) En ningún caso.

11. As certificacións de acordos:

- a) Emitiranse sempre despois da aprobación da acta.
- b) Emitiranse sempre antes da aprobación da acta.
- c) **Poderanse emitir antes da aprobación da acta, facéndoo constar expresamente.**
- d) Non se poderán emitir se se trata de actas pendentes de aprobar na seguinte sesión.

12. Cal das seguintes normas regula o procedemento de concesión de licenzas, sen prexuízo das normas sectoriais específicas?

- a) O Texto Refundido de Réxime Local.
- b) O Regulamento de Xestión Urbanística.
- c) A Lei de Bases de Réxime Local.
- d) **O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.**

13. As Corporacións locais non poderán intervir na actividade dos seus administrados:

- a) **Por vía de feito, sempre coa oportuna motivación posterior.**
- b) Mediante Ordenanzas, Regulamentos e Bandos de policía.
- c) A través de licenza previa
- d) Mediante Ordenes individuais, constitutivas de mandato.

14. O réxime de bens das Entidades locais rexerase:

- a) Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local.
- b) Pola lexislación básica do Estado reguladora do Réxime Xurídico dos Bens das Administracións Públicas.
- c) Polas ordenanzas propias de cada entidade.
- d) **Todas as respostas son correctas.**

15. Na utilización dos bens de dominio público, entenderase uso normal:

- a) O constituído por a ocupación de unha porción do dominio público, excluíndo o uso polos demais interesados.
- b) **O que forá conforme co destino principal do dominio público a que afecte.**
- c) O correspondente por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso duns non impida o dos demais interesados.
- d) O correspondente por igual a todos os cidadáns, cando non concorran circunstancias especiais.



[Handwritten signature in blue ink, appearing to read 'X. L. G. R. M. 2013']

16. En relación ao cadro de persoal sinale a resposta correcta:
- a) Apróbase anualmente e comprende os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral
 - b) Apróbase anualmente a través do orzamento e comprende os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral fixo.
 - c) **Apróbase anualmente a través do orzamento e comprende os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual**
 - d) Apróbase dentro do primeiro trimestre do ano e deberá comprender os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral vacantes e obxecto de oferta pública

17. Corresponde aos municipios a seguinte potestade en relación aos seus bens:

- a) **A potestade de investigación.**
- b) A potestade de expropiación.
- c) A potestade de protección.
- d) A potestade de inembargabilidade.

18. Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento de tributos expoñeranse no taboleiro de anuncios da entidade durante como mínimo durante:

- a) 15 días
- b) **30 días**
- c) 20 días
- d) 10 días

19. A imposición e supresión de tributos locais propios realizarase mediante unha ordenanza fiscal aprobada:

- a) **Por parte do Pleno da corporación co acordo da mayoría simple dos seus membros**
- b) Por parte do Pleno da corporación co acuerdo da mayoría absoluta dos seus membros
- c) Por parte da Xunta de Goberno Local co acuerdo da mayoría absoluta dos seus membros
- d) As entidades locais non poden impoñer nin suprimir tributos xa que esta potestade tena atribuída o Estado.

20. Para a ocupación de terreos de uso público local con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa as entidades locais poderán establecer:

- a) **Unha taxa**
- b) Un prezo público
- c) Unha contribución especial
- d) Un imposto



[Handwritten signature over the stamp]

[Handwritten signature next to the previous one]

[Handwritten signature at the bottom right]

21. Os orzamentos das Entidades Locais constitúen:

- a) A expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, pode recoñecer a entidade e dos dereitos que prevé liquidar durante o correspondente exercicio
- b) A expresión cifrada, conxunta e sistemática das obligacións que, como mínimo, pode recoñecer a entidade e dos dereitos que prevé liquidar durante o correspondente exercicio
- c) A expresión cifrada, conxunta e sistemática das obligacións que, como máximo, pode recoñecer a entidade e dos dereitos que como mínimo liquidará durante o correspondente exercicio
- d) A expresión cifrada, conxunta e sistemática das obligacións que, como mínimo, pode recoñecer a entidade e dos dereitos que como máximo liquidar durante o correspondente exercicio

22. Non é un documento que se deba unir ao orzamento das Entidades Locais:

- a) Anexo de investimentos a realizar no exercicio
- b) Memoria explicativa do seu contido e das modificacións en relación ao orzamento vixente
- c) **Informe xurídico en relación ao grao de cumprimento da execución do presupuesto**
- d) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente.

23. A execución dos créditos consignados no orzamento de gastos das entidades locais efectuarase conforme ao establecido en:

- a) O Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- b) As bases de execución do orzamento
- c) **As respostas a) e b) son correctas**
- d) O establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado porque é considerada normativa básica

24. O acto polo cal se acorda a realización dun gasto a cargo dun crédito orzamentario determinado sen que exceda do importe dispoñible, calculado de maneira certa ou aproximada por exceso, reservando para ese efecto a totalidade ou unha parte de mencionado crédito orzamentario dispoñible, é:

- a) **A autorización do gasto**
- b) A disposición do gasto
- c) O recoñecemento da obrigación
- d) A orde de pago

25. A expedición dunha copia dun documento público administrativo validamente emitido por unha administración pública terá a consideración de:

- a) Copia simple
- b) Copia cotexada co seu orixinal
- c) **Copia auténtica**
- d) Copia compulsada



[Handwritten signatures and initials in blue ink, appearing to be signatures of officials.]

PREGUNTAS RESERVA:

1. Cando unha notificación se practica no domicilio do interesado, de non acharse este en o momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo da mesma

- a) Calquera veciño doutro domicilio próximo ao do interesado, sempre que este dera o seu consentimento.
- b) Ningún, porque só pode facerse cargo o interesado
- c) **Calquera persoa maior de 14 anos que se atope no domicilio e faga constar a súa identidade**
- d) O funcionario que practica a notificación, que deberá esperar a que compareza o interesado

2. Os tributos clasíficanse en:

- a) Impostos, taxas, contribucións especiais e prezos públicos
- b) **Impostos, taxas e contribucións especiais**
- c) Impostos, contribucións especiais e prezos públicos
- d) Impostos, taxas, contribucións especiales e demais prestacións de dereito público

3.- O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade:

- a) Tomarase de referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización.
- b) **En xeral non poderá exceder no seu conxunto do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate.**
- c) En xeral poderá exceder do custo real do servizo cando se xustifique no expediente
- d) En xeral poderá exceder do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate cando se destine a fins sociais

4.- Na Mesa de Contratación o número de cargos electos que poderán formar parte da mesma:

- a) Non pode ser superior aos dous terzos do número total dos integrantes da mesa
- b) Como mínimo debe haber un representante de cada partido político
- c) **Non pode haber máis dun terzo do número total de membros da mesa**
- d) Será dun terzo podendo incrementarse a porcentaxe se o aproba o pleno cun máximo de dous terzos

5.- As sancións ou multas recadadas polas Administracións son ingresos:

- a) **Ingresos non tributarios**
- b) De dereito privado coactivos
- c) Ordinarios
- d) Tributarios



Quirós
M. A. M. S.
A. G. M. S.